

### 1.2.2 Competitividade exterior

Para analizar a competitividade exterior dende un punto macroeconómico, utilizamos dous tipos de indicadores; os indicadores que ilustran a súa evolución ou indicadores de comportamento e os factores que determinan este comportamento (indicadores de competitividade-prezo).


#### INDICADORES DE COMPORTAMENTO

A valoración da posición competitiva da economía galega realízase, nunha primeira aproximación, a partir do seu comportamento nos mercados internacionais. Entre os indicadores que tratan de avaliar este comportamento, destacan as cotas de exportación e a penetración das importacións no mercado interior; que sintetizan a capacidade de incrementar a súa presenza nos mercados nacionais e internacionais.

No gráfico que se acompaña represéntase a cota de exportación de Galicia fronte á OCDE e a ratio de penetración das importacións. Podemos observar como a capacidade para aumentar a presenza nos mercados internacionais foi aumentando, pero, pola súa vez, a demanda interna tendeu a satisfacerse de maneira crecente con produtos importados.


A estrutura das exportacións constata que existen diferenzas importantes co conxunto de España, pois temos un peso importante no sector do automóbil, nada sorprendente dada a situación da factoría de PSA Peugeot-Citroën en Vigo, bens de equipo e manufacturas de consumo, habitualmente con pouco

**PERSOAL EN I+D (EN EDO). GALICIA SOBRE ESPAÑA (%)**



Fonte: INE

**INDICADORES DE COMPORTAMENTO**



Fonte: IGE

valor engadido, non sendo o caso das exportacións do grupo Inditex. Ademais desta concentración de exportación en sectores concretos, chama a nosa atención a situación do sector exportador en só dúas provincias –A Coruña e Pontevedra– e, de novo, no eixe atlántico, acaparando máis do 95% das exportacións totais.

Se nos fixamos non só no comercio de bens e servizos co exterior, no tocante ao investimento estranxeiro, os últimos datos publicados revelan que durante esta primeira década do século XXI, a nosa rexión foi a que menos investimento estranxeiro recibiu en termos relativos, sobre o total nacional, e obsérvase, ademais, unha importante concentración do investimento procedente de Portugal e de Francia. Neste eido é preciso facer fincapé na necesidade de avanzar na diversificación dos mercados, aproveitando as vantaxes que ofrecen os países emerxentes e o mercado asiático.

Outro dato que cómpre subliñar é que por cada euro de investimento estranxeiro directo que chega á nosa comunidade, saen 4 euros galegos para o exterior; o cal é un elemento positivo, pero que contrasta co dato anterior:

Así pois, o IED (investimento estranxeiro directo) captado por Galicia no período 2000-2008 supón o 0,8% do español e a tendencia é negativa, pois no ano 2008 esta caeu un 50% con respecto ao ano precedente. Este feito permítenos afirmar que a nosa comunidade non está sendo atractiva para o sector estranxeiro. Os sectores predominantes nos que invisten os estranxeiros son o da auto-

moción, o do comercio, o da banca, o das telecomunicacións ou o sector químico. Os estudos relativos a esta cuestión diagnostican un dobre problema para a atracción da IED: por unha banda, o abandono no esforzo de atracción e promocional para este tipo de investimento e, pola outra, demasiadas barreiras para que esa chegada de capital foráneo se faga efectiva: solo industrial insuficiente ou mal acondicionado, excesiva burocracia etc. Todo iso sen esquecer o efecto positivo que pode ter o aproveitamento das sinerxías derivadas de Galicia-Norte de Portugal, que permitirían unha maior atracción do capital estranxeiro.

Así pois, faise preciso un impulso de promoción na atracción de empresas estranxeiras, pero tamén paliar a falta de investimentos en I+D+i que detectamos na epígrafe anterior; e complementar isto coa formación de profesionais, de tal xeito que se faga posible o intercambio de investimento de cara ao exterior e do exterior:

### **ÍNDICES DE COMPETITIVIDADE DE PREZOS E CUSTOS**

Para a interpretación dos índices de competitividade de prezos e custos, hai que ter en conta que unha evolución crecente dos índices supón unha diminución da competitividade e viceversa, unha diminución dos índices supón un aumento.

O exame da evolución da competitividade de Galicia en termos de prezos e custos para o período que vai dende 1996 ata finais de 2009 pon de manifesto un descenso da competitividade de Galicia fronte aos mercados nos que compete. Nos mercados da Unión Europea,



principal destino das vendas de Galicia, este descenso está motivado polo maior crecemento dos prezos en Galicia ca nos países do seu contorno comercial. Fronte a países que non comparten moeda, o compoñente nominal fai que Galicia tamén perda competitividade, como resultado da apreciación do euro durante este período. Especialmente en 2008 os indicadores de competitividade-prezo mostran unha tendencia á baixa que indica un maior descenso relativo dos prezos (custos) en Galicia con respecto aos principais países cos que comercia.

A continuación analízase a información con máis detalle, por tipo de indicador de prezos e por grupos de países competidores.

### UNIÓN ECONÓMICA E MONETARIA


Con respecto a esta zona, os distintos indicadores mostran un maior crecemento relativo dos prezos en Galicia ca a media dos socios comerciais da zona. Este perfil cambia a partir de mediados de 2008, momento no que todos os índices indican unha mellora da competitividade. O índice calculado con custos laborais unitarios de manufacturas presenta unha evolución diferente á dos demais índices nos primeiros cinco anos da serie, mentres os outros índices indican perda de competitividade, segundo os custos laborais unitarios estaríase a gañar competitividade dende 1996 a 2000.

**ÍNDICES DE COMPETITIVIDADE DE PREZOS E CUSTOS. 2005=100**  
**FRONTE Á ZONA EURO**



Fonte: IGE. Índices de competitividade exterior  
UEM: Unión Económica e Monetaria


**ÍNDICES DE COMPETITIVIDADE DE PREZOS E CUSTOS. 2005=100  
 FRONTE Á UNIÓN EUROPEA**



## UNIÓN EUROPEA

O comportamento dos índices con respecto á Unión Europea é similar ao comentado con respecto á zona euro. A razón deste parecido é que os principais socios comerciais galegos dentro da Unión Europea están na zona da moeda única. Non obstante, nos primeiros oito anos das series parece que a perda de competitividade é menor; a pendente dos índices é menor:

**ÍNDICE DE COMPETITIVIDADE DE PREZOS E CUSTOS. 2005=100  
 FRONTE Á UNIÓN EUROPEA**




Fonte: IGE. Índices de competitividade exterior


**OCDE**

A competitividade en termos de prezos e custos con respecto á OCDE presenta un primeiro período que vai dende 1996 a finais de 2001, no que a economía galega se mantivo estable na evolución da competitividade; seguida doutro período, que remataría a mediados de 2008, no que se produce un descenso da competitividade. A partir de mediados de 2008 volve ascender con esta medida da competitividade.

**ÍNDICES DE COMPETITIVIDADE DE PREZOS E CUSTOS. 2005=100**  
**FRONTE Á OCDE**




**ÍNDICE DE COMPETITIVIDADE DE PREZOS E CUSTOS. 2005=100**  
**FRONTE Á OCDE**



Fonte: IGE. Índices de competitividade exterior  
Nota: Datos provisionais


**ÍNDICES DE COMPETITIVIDADE DE PREZOS E CUSTOS. 2005=100  
 FRONTE AO G8**



**G8**

Con respecto a esta área económica, a situación é similar á comentada para a área da OCDE.

**ÍNDICES DE COMPETITIVIDADE DE PREZOS E CUSTOS. 2005=100  
 FRONTE AO G8**




Fonte: IGE. Índices de competitividade exterior  
 Nota: Datos provisionais  
 G-8: Estados Unidos de América, Canadá, Francia, Alemaña, Italia, Reino Unido, Xapón e Rusia


### ASIA E AMÉRICA

A competitividade vía prezos e custos con respecto a Asia e América presenta un período inicial no que Galicia gaña competitividade (1996-2002), seguido dun período de descenso da competitividade (2003-2005) e un aumento no último período. En 2009 os indicadores mostran que se está perdendo competitividade.

ÍNDICES DE COMPETITIVIDADE DE PREZOS E CUSTOS. 2005=100  
FRONTE A ASIA



ÍNDICES DE COMPETITIVIDADE DE PREZOS E CUSTOS. 2005=100  
FRONTE A AMÉRICA



Fonte: IGE. Índices de competitividade exterior  
Nota: datos provisionais  
Principais países desenvolvidos de Asia:  
Xapón, China, India, Corea do Sur e Indonesia  
Principais países desenvolvidos de América:  
Estados Unidos, Canadá e Brasil